

Curso de metodoloxía da ensinanza do español como lingua estranxeira

TIPO: Intensivo

DURACIÓN: 40 horas - Iniciación

LUGAR: Campus de Vigo.

Obxectivos

O curso está dirixido a profesores ou futuros profesores que queiran orientar a súa carreira cara ao ensino de ELE. Os participantes no curso analizarán diferentes técnicas e procedementos comunicativos, tanto teóricos como prácticos, que existen na metodoloxía do español como lingua estranxeira e familiarizaranse coas competencias que un profesor de ELE deberá utilizar na aula: como programar e planificar unha clase, que gramática ensinar, como presentar o léxico e a cultura, como avaliar, que materiais didácticos existen e como se poden crear, que recursos se poden utilizar na aula e como se reflicten as novas tecnoloxías nestes ámbitos, con especial atención ás redes sociais.

Dende o ano 2013 o curso de metodoloxía da ensinanza do español como lingua estranxeira está acreditado polo Instituto Cervantes.

Como acceder

Este curso está especialmente destinado a:

- Estudantes ou licenciados en filoloxía (ou estudos afíns) interesados en orientar a súa carreira de face á ensinanza do español para estranxeiros tanto en España como noutros países.
- Alumnos de graos
- Profesores de primaria e secundaria

Certificados

-CERTIFICADO DE ASISTENCIA: É preciso asistir ao 85 % das clases

Prezos curso intensivo

- Comunidade da Universidade de Vigo: 270 €
- Público en xeral: 330 €

Prezos curso intensivo- Instituto Cervantes

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 300 €

Público en xeral: 370 €

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.